

CRETUS

Newsletter

2024

Xaneiro-Febreiro-Marzo

6



Carmela Sánchez

Profesora Titular do Departamento de Economía Aplicada da USC
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Cales son os teus intereses no campo da investigación?

Os meus intereses son variados, como o desenvolvemento rexional e local, o desenvolvemento sostible, a economía circular, as desigualdades sociais (incluíndo aspectos de xénero) ou as políticas de innovación. Actualmente dúas das liñas principais nas que estamos traballando son as seguintes: 1) a análise do potencial da demanda do sector público ou compra pública para promover a transformación estrutural e, máis concretamente, a innovación, a sustentabilidade, a circularidade ou o desenvolvemento rexional e 2) a avaliación das políticas públicas e a análise do seu impacto, especialmente das políticas de innovación e da compra pública de innovación

Cales son os retos actuais no teu campo da investigación con respecto ao medio ambiente?

O medio ambiente é un aspecto fundamental en calquera eido de investigación, que debe abordarse de xeito interdisciplinar. No eido económico, a investigación tendeu a obviar polos enfoques dominantes e os problemas de valoración que implica considerar os aspectos ambientais. Mais ignoralo non implica que o problema non exista, senón que persiste e mesmo se agrava.

Actualmente atopámonos nun momento crítico no que na complexa conciliación dos aspectos económicos, ambientais e sociais, parecen primar os primeiros, priorizando adiar as decisións que contribúan á transición ecolóxica. Porén, isto pode agravar o problema e mesmo deixar ás empresas en peores condicións competitivas no medio e longo prazo, porque noutros países están avanzando nesa liña dende hai tempo. O reto consiste en converter os riscos ambientais en oportunidades para o desenvolvemento de novas actividades. Por exemplo, a circularidade e todas as R que conleva poden xerar valor e novas actividades económicas, entre as que a reparación cobra relevancia.

Por outra banda, os aspectos sociais son os menos abordados, pero resultan un aspecto clave. A vulnerabilidade ao cambio climático amosa desigualdades relevantes tanto nas causas como nas consecuencias. Esas desigualdades poden analizarse tanto dende a perspectiva dun país ou rexión, como a nivel dos fogares ou persoas.

No caso de que atopas problemas para abordar eses retos, que che parece que tería que facerse desde CRETUS para mellorar nese aspecto?

Abordar os retos ambientais neste momento implica concienciar da súa importancia e de que ademais resulta o máis eficiente en termos económicos, dada a escaseza de recursos, que é moi manifesta nalgúns casos.

As capacidades de CRETUS como centro interdisciplinar especializado na temática e o seu posicionamento e recoñecemento tanto a nivel académico como no eido da transferencia convérteno nun actor relevante e facilitador para contribuír a ese cambio.

Que outros aspectos de CRETUS destacarías ou gustaríache comentar?

Quero destacar o seu carácter interdisciplinar e a capacidade de buscar colaboracións entre campos moi distintos, pois as solucións a retos complexos como os que implica o medio ambiente requiren esa análise conxunta. A nivel interno, quero destacar a importancia dos recursos humanos, considerando as súas distintas fases, dende a súa formación e captación ata a súa consolidación. A nivel externo, tamén amosa un compromiso importante coa sociedade e coa transferencia e aplicación do coñecemento xerado a distintos sectores para resolver problemas e para crear valor económico e social.

Colaboraches ou estás a colaborar con algún investigador/a de CRETUS? De que xeito? Se non é o caso, con cal área de investigación pensas que poderías colaborar nun futuro??

Ademais da participación nas distintas actividades que organiza CRETUS, ata o momento as miñas colaboracións foron no eido das ciencias sociais e máis transversais a través da titorización das prácticas de estudantes de mestrado ou da mentorización de doutorandos. No futuro as colaboracións poderían centrarse na prioridade de Cidades e industrias sostibles, achegando un enfoque complementario con outras áreas.



Ignacio Gianelli

Investigador Predoutoral no grupo EqualSeaLab
CRETUS

Como chegaches a formar parte de CRETUS? Coñecías o centro antes de unirse?

Mi incorporación a CRETUS fue a través del proyecto EqualSea del profesor Sebastian Villasante, financiado por el European Research Council. La visión del proyecto, junto a la posibilidad de ser partícipe de la creación de un nuevo grupo de investigación, me sedujo y sin más, armé las valijas y desembarqué en Santiago de Compostela. Al arribar me informaron que nuestro grupo se incorporaría a CRETUS y así fue como conocí al Centro. Una vez aquí, compartí espacio con estudiantes e investigadores de otros grupos mientras se acondicionaba nuestro actual espacio de trabajo.

En que consiste o proxecto de investigación que estás desenvolvendo actualmente en CRETUS?

Guiado por una inquietud personal y profesional, mi proyecto de investigación busca, por un lado, mostrar que, sin pescadores de pequeña escala, los beneficios de costas, ríos y mares serían más desiguales, los sistemas alimentarios estarían en riesgo, y los ecosistemas acuáticos estarían aún más desprotegidos, y por otro lado desarrollar e implementar metodologías de co-creación para entender que elementos son necesarios para que los pescadores quieran continuar en la actividad. En el contexto de un incremento de la demanda de alimentos, pero en el cuál, paradójicamente, los trabajos relacionados a la producción de alimentos disminuyen constantemente, mi investigación busca proporcionar una narrativa alternativa a la intensificación, expansión y/o al tecno-centrismo como principales vías de producción de alimentos. Esta narrativa pone a la pesca de pequeña escala como actor principal de los sistemas alimentarios, en donde se configuran diversas relaciones culturales, comerciales, o incluso gastronómicas con otros actores.

Que é o máis gratificante do teu traballo?

En términos generales, la libertad para desarrollar y perseguir la curiosidad y el tiempo para pensar y leer, algo que con la vorágine de nuestros tiempos es un gran privilegio. En particular y con relación a mi investigación, valoro muchísimo llevar adelante un proyecto con múltiples actores (pescadores, chefs, instructores de cocina, emprendedores, artistas, diseñadores) que tiene lugar fuera de las cuatro paredes de una oficina. El proyecto habita en cada persona que forma parte y trasciende el ámbito académico al pensar y crear objetos, productos o soluciones tangibles y de valor práctico para todos los públicos. En los últimos años, además de las publicaciones científicas, hemos trabajado en la escritura de un catálogo, en la producción de un cortometraje, y en la co-creación de recetas utilizando especies de peces poco conocidas, pero con gran potencial.

Cal foi o último congreso ó que asistiches? Que presentaches? Tes en mente cal será o seguinte?

Fui invitado a dar una charla en el evento “El Potencial Transformador de la Investigación Transdisciplinaria en Sistemas Socioecológicos: casos de Latinoamérica” (Uruguay, Diciembre 2023) donde presenté los avances de mi doctorado, haciendo especial énfasis en el proyecto Pescando Transformaciones que tiene lugar en Uruguay y en colaboración con el Instituto SARAS.

Tiveches a oportunidade de participar nun proxecto conxunto con investigadores/las de CRETUS doutras áreas de coñecemento? Se é así, poderías contar como foi a experiencia?

Lamentablemente, aún no lo he hecho. No es por falta de ganas, sino por la necesidad de centrar los esfuerzos en el doctorado. Encuentro interesante varias de las cosas que suceden en CRETUS y que creo me beneficiaría de aprender de otros colegas y compartir mi experiencia. Hace poco leí un reportaje acerca del trabajo de otro doctorando sobre la aceptación social del uso del agua reciclada y, tanto el tema como el enfoque a través de la psicología social, me pareció fascinante. Asimismo, soy consciente que el BioGroup utiliza metodologías como la Evaluación de Ciclo de Vida en productos de la pesca o acuicultura, que me gustaría aprender.

Como cres que che está a axudar CRETUS no desenvolvemento da túa carreira investigadora?

Además del apoyo diario para construir un ambiente laboral cómodo, CRETUS financió parte de una estadía en el Stockholm Resilience Center en Suecia y otra en el Instituto Sudamérica para el Estudio de la Resiliencia y Sostenibilidad en Uruguay. Allí forjé una red de colaboradores que ha sido fundamental para el desarrollo de mi trabajo. Asimismo, esas estadías colaboraron para que pudiera producir un cortometraje que posteriormente fue galardonado en el Festival Internacional de Cine Piriápolis de Película (Uruguay, 2023) y en el Festival de Cine del Word Food Forum en la categoría Transforming AgriFood Systems (Roma 2023).

Que mellorarías de CRETUS?

Aínda que lamentablemente non coñezo a profundidade a moitos integrantes de CRETUS, cos que tiven a sorte de compartir máis, creo que a principal afección que nos une é o amor pola comida galega.

Que é o que máis che gusta de CRETUS?

Dada nuestra reciente incorporación a CRETUS aún estamos amoldándonos a un Centro que ya tiene largo recorrido y trayectoria. Sin embargo, tanto nuestra incorporación como la del flamante proyecto PollutedPast, nos desafía a todos a buscar nuevas estrategias de integración y colaboración para entender mejor las oportunidades de colaboración entre investigadores y estudiantes de distintos grupos. Existen varias iniciativas en curso (por ejemplo, seminarios, simposios, ayudas a estudiantes de doctorado y postdoc, programas de mentoring) que sería interesante revisar como se ajustan a las características de los nuevos grupos que han expandido en rango de acción y líneas de investigación de CRETUS.

Unha vez que remates o doutoramento, continuarás coa túa carreira investigadora, atraeche máis a docencia, gustaríache entrar nunha empresa, outras opcións?

Mi plan es continuar con la carrera investigadora. Posiblemente a través de un postdoctorado, pero al momento mi energía está puesta enteramente en la tesis.

Poderías contar algunha curiosidade sobre ti?

Uno de mis objetivos personales al venir a Galicia era aprender a bucear para conocer las rías debajo de la superficie. Tres años después... ¡aún no he buceado y el fin del doctorado está peligrosamente cerca!

CONVOCATORIA DE CENTROS


Tras a presentación de toda a documentación necesaria, comezaron as **xornadas de avaliación “in situ”** que consistiron na visita da comisión avaliadora externa ás instalacións de CRETUS (6 febreiro) e unha entrevista persoal coa dirección do centro (7 febreiro).

VISITA Ó CENTRO

A visita dunha hora de duración tiña coma obxectivo dar a coñecer á comisión as infraestruturas, as condicións de traballo, as dinámicas de investigación colaborativas, e en xeral, como estamos organizados. A visita comezou coa proxección dun mapa para transmitir que CRETUS é un centro descentralizado que organiza a súa actividade en áreas de investigación.

No percorrido polo edificio, visitaron a zona de dirección e xestión, os espazos dos dous proxectos ERC (EqualSea e PollutedPast), os laboratorios de solos, valorización de residuos, augas e bioloxía molecular, explicando en cada espazo os proxectos que se están a desenvolver.

A visita rematou nas instalacións da planta piloto da ETSE.



ENTREVISTA COA DIRECCIÓN DO CENTRO

A entrevista tivo lugar na Sala de Xuntas do Reitorado da USC. A directora do centro, Maite Moreira, estivo acompañada pola directora adxunta, Sarah Fiol e o coordinador científico, Juan M. Lema. A entrevista consistiu nunha presentación de 20 minutos a cargo da directora e unha rolda de preguntas do panel avaliador durante algo máis de 1 hora.

Se espera que entre abril e maio saia publicada a resolución desta convocatoria que esperamos sexa exitosa para CRETUS.

OBRAS EN CRETUS

Finalización das obras de acondicionamento no edificio.



REUNIÓN COA COMISIÓN ASESORA SOCIAL E EMPRESARIAL

O 16 de xaneiro tivo lugar a primeira reunión coa nova comisión social empresarial de CRETUS, formada na actualidade por 9 representantes de empresas e organismos públicos: Viaqua, Aqualia, Rodonita medioambiente, Augas de Galicia, ADEGA, FEGAMP, Concello de A Coruña e Consellería de Medio Ambiente Territorio e vivenda.



Iván J. Vicente
VIAQUA



Javier García
AQUALIA



Javier Domínguez
SOGAMA



Antonio Roncero
RODONITA
MEDIOAMBIENTE



Teresa Gutiérrez
AUGAS DE GALICIA



Roi Cuba
ADEGA



Alberto Varela
FEGAMP



Noemí Vázquez
CONCELLO A CORUÑA



Sagrario Pérez
CONSELLERÍA DE MEDIO
AMBIENTE TERRITORIO Y VIVIENDA

Baixo o título “Análise dos retos ambientais de CRETUS no contexto socio-económico actual”, reuníronse no Centro de Estudos avanzados da USC, 30 investigadores de CRETUS e 14 representantes da comisión, cos seguintes obxetivos :

- Actualizarlles a información sobre a situación actual do Centro, incluíndo detalles sobre a organización, axenda científica, modelo de investigación interdisciplinar e colaborativo, funcionamento e principais indicadores.
- Presentación dos retos ambientais de CRETUS no actual contexto socioeconómico e como se están a afrontar a través dos proxectos desenvolvidos en cada una das áreas de I+D
- Abrir un diálogo co comité para validar a orientación da nosa actividade I+D.



CONVOCATORIAS CRETUS

PROGRAMA DE MENTORING DE CRETUS

A 3ª convocatoria para formar parte do programa de Mentoring de CRETUS tivo moi boa acollida por parte do persoal investigador predoutoral de CRETUS. Un total de 13 mentees de diferentes programas de doutoramento de primeiro e segundo curso solicitaron a súa incorporación. Por esta iniciativa que comezou en 2019, xa pasaron 30 doutorandos/as de CRETUS.

Investigadores/as predoutorais seleccionados nesta convocatoria :

- Yolanda López
- Lidia Guntín
- Brais Vázquez
- Hugo Quintana
- Raquel Fariñas
- Alexandra Mª Càceres
- Mª del Carmen de la Cerda
- Alberto Fraile
- José Luis Ares
- Andrea Arribas
- Ana Castiñeira
- Isabella Narváez
- Victoria Formoso



Sesión informativa introductoria para Mentees

A coordinadora do programa, **Cristina Gómez-Román**, deulle a benvinda ao programa aos 13 novos mentees e impartilles unha sesión introductoria informativa na Aula de proxectos da ETSE.



Sesión formativa para Mentores

Dentro do programa, no mes de xaneiro, tamén organizouse unha sesión formativa para os mentores que contou coa participación da consultora e especialista en mentoring, **Ana Sanjuán** co obxectivo de resolver dúbidas e aprender novas ferramentas.



PROGRAMA DE AXUDAS PARA ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN

No mes de marzo lanzouse a VI edición do programa de axudas de CRETUS para cursar estadias de investigación en centros de prestixio. A axuda vai dirixida a investigadores predoutorais de CRETUS que queiran realizar unha estadia de 3 meses entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2024, principalmente no estranxeiro.

Un dos principais obxectivos das axudas é promover a colaboración con centros de excelencia internacional e darlle a oportunidade ao personal investigador máis novo de CRETUS de obter o doutoramento con mención internacional.

A resolución desta convocatoria publicarase na web e via email o día **5 de abril**.

Máis info: [Estancias de Investigación | Cretus](#)

CONVOCATORIA 2024
AXUDAS CRETUS
PARA ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN

Convocatoria Aberta
ata o 20 Marzo !

Formación | Cretus (usc.es)

CRETUS Cross-disciplinary Research in Environmental Technologies
USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
XUNTA DE GALICIA

Damos a benvinda a CRETUS aos novos/as investigadores/es de doutoramento matriculados na convocatoria de febreiro



- **Jose Luis Ares. Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental**

No seu proxecto de tese traballará no deseño de biorrefinerías para a obtención de compostos petroquímicos e building blocks, buscando a descarbonización da industria química básica. Valorizará correntes residuais orgánicas na procura dunha economía circular e dunha maior simbiose industrial; ademais optimizaranse etapas de alto consumo enerxético.

Traballa baixo a supervisión da Prof. Maite Moreira.



- **Raquel Fariñas. Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental**

O traballo de Raquel centrarase no desenvolvemento dunha estratexia de multivalORIZACIÓN secuencial dun biorresiduo da industria agroindustrial, o bagazo da mazá. Proponse utilizar un enfoque de biorefinería para obter dous subprodutos con alto valor engadido: un extracto polifenólico e un biocombustible.

Dirixen o seu traballo Dra. Gemma Eibes e o Prof. Thelmo Lu.



- **Adrián Ferreiro. Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental**

O título tentativo da súa tese é "eliminación de contaminantes emerxentes (microcontaminantes, patóxenos e resistencia a antibióticos) durante o tratamento de augas residuais segregadas". O obxecto de estudo céntrase nas augas residuais procedentes de sistemas individuais de xestión, como depósitos de almacenamento ou fosas sépticas, utilizadas por aproximadamente o 11% da poboación europea. A investigación aborda a recollida e análise de información relevante sobre estes sistemas, centrándose na presenza de contaminantes emerxentes e no impacto do tempo de residencia prolongado nestes sistemas, así como nas eficiencias de eliminación das diferentes tecnoloxías de tratamento.

Dirixen a súa investigación os Prof. Juan M. Garrido e Francisco Omil.



- **Elena Fontán. Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión**

Elena é oceanógrafa con experiencia en xestión e adaptación da actividade pesqueira en escenarios de cambio climático. O título provisional da súa tese é: "La gestión adaptativa de la pesca artesanal gallega basada en indicadores de sostenibilidad. Un nuevo concepto de gestión pesquera."

Traballará baixo a supervisión do Prof. Sebastián Villasante.

Damos a benvida a CRETUS aos novos/as investigadores/es de doutoramento matriculados na convocatoria de febreiro



• **Alberto Fraile. Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental**

A súa tese céntrase no desenvolvemento de novas métricas para combinar Análise do Ciclo de Vida e Servizos Ecosistémicos, cun dobre obxectivo: Mellorar a comunicación de impactos e beneficios ambientais das prácticas innovadoras e sostibles en agricultura e gandería, e a optimización do uso do solo en territorios con múltiples actividades. Proxectos asociados: [RURALTXA!](#) e COMBARO.

Traballará baixo a supervisión das Prof. Almudena Hospido e Sara González.



• **Tania López. Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión**

Tania é modeladora costeira e está a facer un doutoramento industrial entre a USC, baixo a supervisión do Prof. Vicente Pérez Muñuzuri, e a empresa [Nologin Oceanic Weather Systems](#), baixo a supervisión de D. Manuel García León. O título da súa tese é “Predicción Avanzada en Galicia: preservando el Océano y su Resiliencia (AGORA)”.



• **Guillermo Martín. Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental**

Guillermo obtivo unha beca de CRETUS de inicio a investigación titorizado pola Prof. Anuska Mosquera, onde avaliou as condicións de operación dun sistema continuo para a eliminación de nitróxeno mediante mecanismos de nitrificación parcial. Agora, tras presentar o TFM, está a facer un doutoramento industrial entre a USC, coa mesma tutora, e a empresa EnergyLab, que supervisa Dra. Mónica Figueroa. O título tentativo da súa tese é “Obtención de metanol a partir de biohidróxeno producido por bacterias fototróficas púrpura para revalorizar residuos orgánicos”.




• **Isabella Narváez. Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental**

O seu plan de investigación está relacionado co [proxecto CIES](#) “Transitioning Wastewater Treatment Plants toward Circular Economy and Sustainability through Resource and Water recovery from liquid and gaseous streams”.

Na súa tese abordará o diagnóstico da tecnoloxía integrada fotocatalítica-AQCs baixo un enfoque circular. Co fin de identificar os parámetros do proceso a escala real, é necesario desenvolver unha investigación aplicada na que se determinen as variables de operación máis axeitadas xunto con ferramentas de modelización de procesos, xa que permite identificar as variables e datos que serán necesarios para a análise de sustentabilidade e circularidade.

Dirixe a súa investigación a Prof. Maite Moreira.

EVENTOS DIVULGACIÓN



Retos e Compromisos fronte a Crise Climática. Conclusións da COP 28

24 de xaneiro de 2024

70 asistentes do mundo académico, científico e sociedade en xeral, acudiron á xornada organizada por CRETUS no marco da COP 28. Os obxectivos eran, por unha banda, abordar os desafíos ambientais a superar que recolle o informe global sobre os puntos de inflexión, presentado por dous co-autores e investigadores de CRETUS, e por outra, valorar os acordos ambientais e económicos atinxidos neste último Cumio sobre Cambio Climático celebrado en Dubai.

A saúde do planeta. Informe Mundial sobre os Puntos de Inflexión.

Sebastián Villasante, *Profesor e Investigador Distinguido Oportunius Xunta de Galicia, CRETUS.*

José A. Sanabria, *Investigador Margarita Salas, CRETUS.*

Valoración ambiental dos acordos da COP 28

Isaac Gomez Piñeiro, *Subdirector Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, Xunta de Galicia.*

Valoración económica dos acordos da COP 28

María Loureiro, *Catedrática de Fundamentos da Análise Económica, e directora científica de ECOBAS.*

Táboa redonda cos oradores e Debate co público

Vicente Pérez Muñuzuri, *Catedrático de Física de partículas, CRETUS.*



11F Día Internacional da Muller e Nena na Ciencia

16 de febreiro de 2024

Investigadoras de CRETUS participan neste evento organizado na Facultade de Química (USC) por Bioga, Universidade de Santiago de Compostela, e o Instituto de las Mujeres, con motivo da celebración do Día Internacional da Muller e Nena na Ciencia, levando ao espazo expositivo do evento, unha mostra de 3 proxectos de investigación de CRETUS liderados e desenvolvidos por mulleres.



TESES DEFENDIDAS



Neste periodo defenderonse en CRETUS as seguintes teses. Esta información tamén está dispoñible na sección da web : [Investigación > Teses](#)



Daniel Granadero

11 de xaneiro de 2024

Defining the most eco-efficient vehicle paint shop in view of formaldehyde emissions performance
([Repositorio Minerva](#))

Dirixida por Francisco Omil e Gumersindo Feijoo



Julia Rey

25 de xaneiro de 2024

Carga de mortalidad atribuida al consumo de tabaco en España y sus comunidades autónomas
([Repositorio Minerva](#))

Dirixida por Alberto Ruano e Mónica Pérez



Mónica Arlinda Vasconcelos

30 de xaneiro de 2024

Variabilidade espacial-temporal na biodisponibilização de elementos tóxicos para *Ucides cordatus* na Baía de Todos os Santos, (Bahia, Brasil)
([Repositorio Minerva](#))

Dirixida por Xose Lois Otero

BOAS NOVAS



Destacamos algunhas das boas novas, premios ou recoñecementos que tiveron lugar neste periodo.

1 Natali Lazzari, nova investigadora Marie Skłodowska-Curie de CRETUS.
A investigadora do equipo de Sebastián Villasante obtivo a bolsa MSCA para desenvolver a súa proposta RELVESEA (Operationalizing relational values for a more equitable marine conservation).

Convocatoria Postdoctoral Fellowships 2023



2 Tres investigadoras de CRETUS volven a figurar entre as científicas con maior influencia nas súas áreas, según a última edición do Ranking DIH.



grupodih.info/W.html






Destacamos algunhas das boas novas, premios ou recoñecementos que tiveron lugar neste periodo.

3 Maite Moreira nomeada Editora Xefa da revista Journal of Cleaner Production.



4 Doble felicitación para Sebastián Villasante que incorpórase como investigador distinguido do programa Oportunus da Xunta de Galicia e como Editor Xefe da revista Marine Policy.



5 Carmela Sánchez Carreira recibe o premio Valentín Paz Andrade de Investigación en Economía de Galicia, polo artigo “Os efectos iniciais da COVID-19 nas desigualdades de renda en Galicia e a súa distribución na sociedade” publicado xunto con José Manuel Amoedo, tamén da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC. O premio está convocado polo Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia da USC (Idega) e o Consello Económico e Social (CES)

Premio Valentín Paz Andrade de Investigación en Economía de Galicia





- **Seminario de investigación CRETUS**

12 de Abril, Aula de Proxectos, ETSE ás 13h

Marta Carballa do Departamento de Enxeñaría Química, impartirá o 12 de abril o próximo seminario, titulado: **Biotransformación de microcontaminantes orgánicos durante o tratamento biolóxico de augas residuais e lodos de depuradora.**

É necesario rexistrarse previamente [neste formulario](#).

- **Defensas de teses de doutoramento**

5 de abril, Salón de Graos, Facultade de Farmacia, ás 12h

Cecilia Herbón do Departamento de Edafología y Química Agrícola defenderá a súa tese: **Os solos urbanos de Santiago de Compostela.**

Dirixen Prof. María Teresa Barral e o Prof. Remigio Paradelo

Maio, Escola Técnica Superior de Enxeñaría, ETSE

Jorge González-Rodríguez do Departamento de Enxeñaría Química defenderá a súa tese: **Conceptual design, operation and scale-up of photocatalytic processes integrating magnetic nanocomposites for the removal of micropollutants in wastewater.**

Dirixen a súa tese os Prof. Maite Moreira e Gumersindo Feijoo.